



Novidades nos servizos XML e JSON con datos de observación

Co obxectivo de facer máis eficientes os nosos servizos e facilitar o seu uso, levamos a cabo os seguintes cambios (todos eles recollidos, xunto coa documentación de uso correspondente, no apartado da nosa web <http://www.meteogalicia.gal/web/RSS/rssIndex.action>):

1. Substitución dos antigos XML con datos de observación de estacións meteorolóxicas e océano-meteorolóxicas:

Todos os servizos con datos de observación aínda existentes en formato XML serán substituídos por novos servizos en formato JSON. Con carácter xeral, a eliminación dos servizos ata o de agora existentes non será efectiva ata o **31 de decembro** para dar marxe os usuarios a adaptar as súas aplicacións e portais.

2. Novos apartados web que faciliten a búsqueda de identificadores de estacións e parámetros para usar nestes servizos:

Listaxe de estacións: <http://www.meteogalicia.gal/observacion/rede/redeIndex.action>

Listaxe de parámetros:

<http://www.meteogalicia.gal/observacion/rede/parametrosIndex.action>

3. Creación de novos servizos JSON:

- Para a rede de estacións meteorolóxicas:
 - * JSON cos últimos datos 10-minutais.
 - * JSON cos últimos datos horarios.
 - * JSON con datos diarios.
- Para a rede de estacións océano-meteorolóxicas:
 - * JSON co estado actual.
 - * JSON cos últimos datos 10-minutais.
 - * JSON cos últimos datos horarios.
- Para os concellos:
 - * JSON co estado actual.